

8. De conformidade co disposto nos artigos 93 e 94.4º da Louga, a competencia para a aprobación definitiva das modificacións do planeamento que comporten unha alteración das zonas verdes ou espazos libres públicos correspóndelle ao conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, logo de informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia que, como anteriormente se recolle, para o caso que nos ocupa foi emitido na súa sesión do 19 de xullo de 2005.

Consonte isto, e en consonancia co establecido na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e co informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, así como por proposta da Dirección Xeral de Urbanismo desta mesma data,

*DISPOÑO:*

Artigo 1º

Aprobar definitivamente a modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento municipal de Arteixo (A Coruña) no ámbito das unidades de actuación 5 e 8 e paseo fluvial que fora aprobada provisionalmente polo concello de razón o 14 de xullo de 2005.

Artigo 2º

De conformidade co disposto no artigo 92 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o concello deberá publicar a normativa e as ordenanzas desta modificación aprobada definitivamente no correspondente BOP.

*Disposición derradeira*

Segundo o disposto no artigo 85.9º da Lei 9/2002, contra esta orde non cabe recurso en vía administrativa; non obstante, contra ela poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2005.

Alberto Núñez Feijoo  
Vicepresidente primeiro e conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

**AXENCIA PARA A CALIDADE  
DO SISTEMA UNIVERSITARIO  
DE GALICIA**

*Resolución do 1 de setembro de 2005 pola que se aproba a convocatoria ordinaria para a avaliación ou informe para a contratación como profesor universitario polas universidades integrantes do sistema universitario de Galicia e se abre o prazo para a presentación de solicitudes.*

A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) ten atribuída, dentro do ámbito da súa comunidade autónoma, a competencia para realizar as avaliacións e informes das actividades docentes, investigadoras e de xestión (previstas tanto pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, nos seus artigos 50, 51, 52 e 72; como no Decreto autonómico 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario, nos seus artigos 5 a 7), para poder ser contratado como profesor axudante doutor, profesor colaborador, profesor contratado doutor, e profesor de universidade privada polas universidades do SUG.

Coa aprobación da orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 23 de xuño de 2004 pola que se aproba o protocolo de avaliación e informe para a contratación de profesorado polas universidades integrantes do sistema universitario de Galicia, e da Orde do 18 de agosto de 2005 pola que se establecen os requisitos e criterios que outorgan, en determinados supostos, a cualificación automática para ser contratado como persoal docente e investigador polas universidades de Galicia nas figuras de profesor contratado doutor, profesor de universidade privada, profesor axudante doutor e profesor colaborador, complétase o sistema para avaliar ou informar as actividades docentes, investigadoras e de xestión, para a contratación do profesorado, establecido a través do Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da ACSUG e na Orde do 1 de abril de 2003 que aproba os criterios xerais de informe e avaliación.

De conformidade co establecido na primeira orde mencionada, o presidente da ACSUG, escoitado o Consello de Dirección da ACSUG, convocará mediante resolución a apertura do prazo para a presentación de solicitudes de avaliación ou informe para a contratación de profesorado polas universidades da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que unha vez reunido o Consello de Dirección, na súa virtude,

*RESOLVE:*

Primeira.-Obxecto.

Aprobar a convocatoria e abrir o prazo para a presentación de solicitudes por parte dos interesados que desexen obter a avaliación ou o informe exixidos

para poder ser contratados como persoal docente e investigador por algunha das universidades integrantes do sistema universitario de Galicia (SUG), como profesor contratado doutor, profesor de universidade privada, profesor axudante doutor e profesor colaborador, de conformidade co disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e no Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario, e que debe emitir a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

#### Segunda.-Destinatarios.

Poderán presentar a súa solicitude todas aquelas persoas que de conformidade co establecido na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e no Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario, queiran obter a avaliación ou o informe necesario para seren contratados por algunha das universidades de Galicia nas figuras contractuais de profesor contratado doutor, profesor de universidade privada, profesor axudante doutor e profesor colaborador, e non se atopen en ningún dos supostos regulados nos artigos dous, tres e catro da Orde do 18 de agosto de 2005 (DOG do 1 de setembro) pola que se establecen os requisitos e criterios que outorgan, en determinados supostos, a cualificación automática para ser contratado como persoal docente e investigador polas universidades de Galicia nas figuras de profesor contratado doutor, profesor de universidade privada, profesor axudante doutor e profesor colaborador.

2. Cando algunha das persoas que se atopen nos supostos regulados nos artigos dous, tres e catro da orde citada no parágrafo anterior, solicite a avaliación ou informe á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, esta, unha vez percibida desta circunstancia, arquivará a solicitude comunicándolle ao interesado a non procedencia da avaliación ou informe solicitado.

#### Terceira.-Solicitudes.

1. As solicitudes de avaliación ou informe, de conformidade co disposto no artigo 13 do Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da ACSUG, poderán presentarse en calquera dos rexistros relacionados no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e deberán indicar para cal ou cales das modalidades contractuais solicitan a avaliación ou informe. No caso de que se solicite a avaliación ou informe para máis dunha figura contractual, farase na mesma solicitude.

2. As solicitudes, dirixiranse ao presidente do Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia e, sen prexuízo do establecido na base seguinte, presentaranse no modelo normalizado que se publica para o efecto como anexo I a esta convocatoria.

Cuarta.-Presentación da documentación, número de copias e cotexo.

1. Os interesados coa súa solicitude deberán presentar a seguinte documentación:

-Modelo normalizado de instancia que se publica para o efecto como anexo I.

-Fotocopia de documento acreditativo da personalidade do solicitante (DNI ou equivalente).

-Titulación exixida pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, para poder optar á figura contractual de que se trate.

-Currículum vitae, que deberá cubrirse no modelo normalizado que se publica para o efecto como anexo II.

-Documentación acreditativa dos méritos curriculares a que se faga mención.

2. O modelo de instancia (anexo I) e de curriculum vitae (anexo II) deberán cubrirse en formato dixital, na aplicación informática a que se poderá acceder na páxina web [www.acsug.es](http://www.acsug.es). Unha vez cubertos estes documentos en formato dixital, deberán de imprimir e, asinados debidamente, xunto cos demais documentos que se relacionan no punto anterior, deberán presentar por duplicado ante a axencia, do xeito que se establece na base terceira.

Achegaranse unicamente dúas copias completas de todos os documentos relacionados, con independencia do número de figuras contractuais para as que se solicite a avaliación ou informe.

3. Deberase cotexar toda a documentación de que se dispoña dun documento orixinal, como títulos de doutoramento, licenciado, arquitecto, diplomado, arquitecto técnico e enxeñeiro técnico; títulos de másters; certificado do expediente académico; documentos acreditativos de premios extraordinarios; certificados de cursos, seminarios e de asistencia a congresos; credenciais de bolsas, contratos laborais, ou calquera outro achegado polo solicitante de utilidade para a resolución da convocatoria.

As copias dos libros, artigos e demais publicacións non será necesario cotexalas, e será suficiente con entregar unha copia da primeira e última folla, índice e folla onde figure o ISBN, ISSN, depósito legal, etc. Presentarase un certificado da editorial ou organismo, responsable da publicación, no caso de traballos aceptados e pendentos de publicación, sendo preciso neste caso, o cotexo do dito certificado.

So será necesario cotexar unha das dúas copias que se presenten, tendo en conta que a restante é copia exacta da cotexada e que o interesado asina unha declaración facéndose responsable no propio curriculum vitae da veracidade dos datos e da documentación achegada, pola que asume as consecuencias que se deriven das inexactitudes que puidesen figurar.

Quinta.-Emenda e mellora da solicitude.

1. A ACSUG comprobará que as solicitudes presentadas en prazo cumpran cos requisitos exixidos no artigo 4 da Orde do 23 de xuño de 2004, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se aproba o protocolo de avaliación e informe para a contratación de profesorado polas universidades integrantes do sistema universitario de Galicia (DOG do 5 de xullo de 2005).

2. Será necesario presentar como mínimo a seguinte documentación:

-Modelo normalizado de instancia que se publica para o efecto como anexo I, debidamente cuberto.

-Currículum vitae, cuberto no modelo normalizado que se publica para efecto como anexo II.

-Fotocopia de documento acreditativo da personalidade do solicitante (DNI ou equivalente).

-Titulación exixida pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, para poder optar á figura contractual de que se trate.

3. Cando as solicitudes presentadas en prazo non reúnan os requisitos exixidos ou non se presenten os documentos indicados no parágrafo anterior, requirirase o interesado para que proceda á súa emenda de conformidade disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. Rematado o prazo para a recollida de solicitudes, e unha vez admitidas estas a trámite, as correspondentes avaliacións e informes que deba emitir a ACSUG faranse conforme a documentación que achegase o interesado ata ese momento.

5. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, a ACSUG poderá requirir dos solicitantes cantas aclaracións e concrecións consideren oportunas en relación cos méritos alegados nos seus currícula.

Sexta.-Prazo.

O prazo para a presentación das solicitudes de avaliación ou informe será de 40 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Sétima.-Procedemento de avaliación e informe.

1. Unha vez asignadas pola ACSUG os currícula dos solicitantes ao comité de asesores expertos que lle corresponda, atendendo ao criterio indicado no artigo 8 da Orde do 23 de xuño de 2004 (DOG do 5 de xullo), avaliará os currícula asignados, de conformidade e en función do disposto no protocolo e baremos de avaliación establecidos pola Orde do 23 de xuño, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se aproba o protocolo de avaliación e informe para a contratación de profesorado polas universidades integrantes do sistema universitario de Galicia (títulos II e III).

A avaliación dos currícula, en cada figura contractual que o interesado solicitase, deberase emitir por consenso da maioría dos membros do comité, e deberá de estar motivada no caso de ser negativa.

2. En vista das avaliacións emitidas polos comités de asesores expertos, a CGIACA emitirá a proposta motivada de informe ou avaliación de cada unha das solicitudes avaliadas.

Oitava.-Acordos de avaliación ou informe.

As propostas motivadas emitidas pola CGIACA serán vinculantes para o Consello de Dirección da ACSUG, que de conformidade con elas, adoptará os correspondentes acordos.

Os acordos do Consello de Dirección, tamén motivados, serán notificados de conformidade co establecido no artigo 89 da Lei 30/1992, a cada solicitante, persoal e directamente, no prazo máximo dos seis meses seguintes ao da presentación da solicitude.

Novena.-Efectos da avaliación ou informe.

1. Os informes favorables ou as avaliacións positivas non teñen prazo de caducidade unha vez obtidos, e terán validez para as universidades integrantes do sistema universitario de Galicia ou as do sistema universitario doutra comunidade autónoma que teñan subscrito un convenio previo coa Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Se os informes son desfavorables ou as avaliacións negativas, poderase volver solicitar unha nova avaliación ou informe unha vez transcorridos seis meses desde a notificación da referida avaliación ou informe negativo. Isto non impide solicitar a avaliación ou o informe para outra figura contractual distinta da que resultase negativa ou desfavorable, sen que neste caso este prazo de seis meses sexa de aplicación.

Décima.-Recurso.

Os acordos do Consello de Dirección esgotan a vía administrativa polo que de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992 poderán ser recorridos en reposición ante o mesmo órgano que os ditou ou ser impugnados directamente perante a xurisdición contencioso-administrativa.

Undécima.-Entrada en vigor.

Esta resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2005.

Manuel Cecilio Díaz y Díaz  
Presidente do Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

*ANEXO I*  
SOLICITUDE DE AVALIACIÓN OU INFORME DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

1. DATOS DO SOLICITANTE

1º Apellido	2º Apellido	Nome	DNI	Sexo
Enderezo		Data nacemento		
Código postal	Cidade	Provincia		
Telefono	Fax	Correo electrónico		

2. FINALIDADE DA AVALIACIÓN OU INFORME.

Profesor contratado doutor

Profesor axudante doutor

Profesor colaborador

Profesor de universidade privada

3. ÁREA DE COÑECEMENTO. Sinalar ata un máximo de tres, por orde de preferencia. Esta información terá efectos para a adscrición da solicitude aos campos da avaliación por parte da ACSUG. A ACSUG non emitirá avaliacións ou informes vinculados a unha área de coñecemento específica. (Ver catálogo de áreas de coñecemento publicado polo R.D. 774/2002, do 26 de xullo, regulador do sistema de habilitación nacional para o acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios e o réxime dos concursos respectivos, no seu anexo II).

1.-	Código:
2.-	Código:
3.-	Código:

4. ENDEREZO DO SOLICITANTE PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

--

Santiago de Compostela, de 200

Sinatura do solicitante

PRESIDENTE DO CONSELLO DE DIRECCIÓN DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

*ANEXO II*  
CURRICULUM VITAE

Nome e apelidos: -----

O abaixo asinante declara que son certos os datos que figuran neste curriculum, asumindo en caso contrario, as responsabilidades que puidesen derivarse das inexactitudes que consten nel.

É necesario asinar na marxe de cada unha das follas.

Este cv preséntase sen perxuizo de que no proceso de avaliación puidese requirirse o interesado para ampliar a información aquí contida.

Santiago de Compostela, de 200

Sinatura:



10. CONTRIBUCIÓN A CONGRESOS, XORNADAS, SEMINARIOS, CONFERENCIAS ...:

Autores:
Título:
Tipo de participación:
Congreso:
Publicación:
Lugar de celebración:
Ano:

11. ASISTENCIA A CONGRESOS, XORNADAS, SEMINARIOS, CONFERENCIAS ...:

Título:
Carácter:
Lugar de celebración:
Ano:

12. TESIS DE DOUTORAMENTO DIRIXIDAS:

Título:
Doutorando:
Programa:
Universidade:
Ano:
Cualificación:
Membros do tribunal:

13. OBRAS ARTÍSTICAS:

Descrición:
Datas:
Exposición, catalogación ou publicación se é o caso:

14. EXPERIENCIA DOCENTE:

Centro:
Dpto/facultade ou escola/instituto:
Localidade:
País:
Ano:
Título do curso impartido:
Diplomatura/licenciatura/enxeñaría/doutoramento:
Nivel do curso (destinatarios):
Duración:
Contidos principais:
Avaliación sobre a calidade da docencia impartida:
Material docente orixinal/tipo/soporte:

15. FORMACIÓN PARA A DOCENCIA:

Estadías en centros:
Participación en cursos ou programas específicos:
Desenvolvemento de proxectos de innovación docente:
Outros:

16. EXPERIENCIA PROFESIONAL:

Entidade:
Categoría:
Lugar:
Duración:
Actividade desenvolvida:
Relevancia para o campo científico:

17.

EXPERIENCIA EN XESTIÓN:

Posto ou cargo:
Lugar:
Duración:
Actividade desenvolvida

18. POSTOS OU CARGOS ACADÉMICOS:

Posto ou cargo académico:
Lugar:
Duración:
Actividade desenvolvida

19. OUTROS MÉRITOS RELEVANTES QUE O SOLICITANTE DESEXA FACER CONSTAR:


## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

*Orde do 1 de setembro de 2005 pola que se convocan para a elección de destino os aspirantes que superaron o proceso selectivo convocado pola Orde do 26 de decembro de 2002 para o acceso á categoría 080 (capataz de establecemento) e 100 (xefe de cuadrilla) do grupo III de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.*

Pola Orde do 26 de decembro de 2002 (DOG nº 2, do 3 de xaneiro) convocouse o proceso selectivo para o acceso a diversas categorías do grupo V de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia sendo elevadas a definitivas as propostas de aspirantes que superaron o proceso selectivo mediante a Orde do 4 de xullo de 2005 (DOG nº 132, do 11 de xullo).

Por todo o exposto e de acordo co disposto na orde de convocatoria, esta consellería

#### DISPÓN:

Convocar os aspirantes que superaron o proceso selectivo para o acceso ás categorías que se relacionan como anexo a esta orde para a elección de destino, en único chamamento, no salón de actos pequeno da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza o día 9 de setembro ás 10.00 horas.

A orde de elección de destino dos aspirantes virá dada pola orde de prelación resultante do proceso selectivo.

Esta orde de prelación e os destinos ofertados serán os que figuran no anexo desta orde.

Os postos de traballo adxudicados terán a natureza de destino definitivo de acordo co disposto no artigo 7.2º do IV convenio colectivo para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Os aspirantes que non comparezan persoalmente poderán ser representados por terceiras persoas con poder suficiente.

De acordo co establecido na base décima punto segundo quen, como consecuencia da súa participación nestes procesos selectivos, accedera á con-

dición de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia en máis dunha categoría, unicamente poderá participar na fase de adxudicación de prazas nunha soa categoría, quedando en situación de excedencia voluntaria na categoría ou categorías restantes nas que alcanzou a citada condición de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.

Aos aspirantes que non comparezan persoalmente ou por medio de representantes seralles adxudicado en destino definitivo o primeiro posto non adxudicado atendendo á orde de publicación destes e á orde de prelación obtida no proceso selectivo, unha vez concluído o proceso de adxudicación dos postos aos aspirantes presentes ou representados, e entre os que quedaron sen adxudicar, no suposto de que algún destes aspirantes superase máis dunha categoría asignaráselle un posto na primeira categoría de acordo coa orde fixada nesta orde, sendo declarada na situación de excedencia por incompatibilidade na/s outra/s.

Os aspirantes que superasen o acceso ás ditas categorías, e que estean prestando os seus servizos noutra categoría, corpo ou escala da Xunta de Galicia, elixirán destino ou, de non facelo, pasarán á situación de excedencia voluntaria por incompatibilidade na categoría que superaron de acordo co artigo 24.5º do IV convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia. Neste último caso deberán presentarse ao chamamento cun certificado do responsable da unidade de persoal na que conste que o interesado presta os seus servizos na actualidade.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición perante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2005.

José Luis Méndez Romeu  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

#### ANEXO

#### Capataz establecemento. Grupo III. Categoría 080

Lugo.

Nº	NIF	APELIDOS E NOME	FASE OPOSICIÓN				FASE CONCURSO							TOTAL MÉRIT.	PROBA MÉDICA	TOTAL PUNTOS
			1º EXER.	2º EXERC.	BASE 3.1.1	BASE 3.1.2	BASE 3.1.3	BASE 3.1.4	BASE 3.2.1	BASE 3.2.2	BASE FP 1	BASE FP 2	BASE FP 3			
1	34255620H	CASAR FERNÁNDEZ, MARIO	18,66	EXENTO	0	1,44	0	0	0,2	0	0,02	0,08	0,06	1,8		20,46

#### Postos para elixir.

Nº ORDE	CÓDIGO POSTO	CENTRO DIRECTIVO	CENTRO DESTINO	OBSERVAC.
1	MAC99.30.310.27120.002	SERVIZOS PERIFÉRICOS	CONSERVACIÓN DA NATUREZA-RESERVA NATURAL ANCARES-NAVIA	B10